

## Os centros de visitantes



V1201001

Curso de Técnicas de  
Educación Ambiental

# OS CENTROS DE VISITANTES

## ÍNDICE

- 1. Que é un centro de visitantes?**
- 2. Funcións dos centros de visitantes.**
- 3. Obxectivos dos centros de visitantes.**

## 1. QUE É UN CENTRO DE VISITANTES?

A disparidade de criterios e obxectivos con que foron deseñados estes equipamentos no noso paísponse de manifesto na confusa nomenclatura utilizada para a súa denominación. É frecuente atoparse con termos como *centros de interpretación, centros de acollida, centros de recepción* ou *centros de información*.

Actualmente, unha das máis aceptadas é a denominación de centro de visitantes. En certo modo, a denominación é acertada, pois calquera das restantes parece facer referencia a algunha función concreta coma a de informar ou interpretar, e o certo é que nos centros de visitantes desenvólvense no unha soa, sino múltiples funcións.

Por outra banda, o termo INTERPRETACIÓN non lle di nada ó usuario, polo que a recomendación é evitar o uso deste termo de cara ó público.

Móstranse a continuación algunhas definicións de centro de visitantes pertencentes a diferentes autores:


*Edificio o conxunto de edificios que actúan como punto de atracción para o visitante, e que xoga un importante papel interpretando o lugar ou algún rasgo*

*sobresaínte do mesmo. Permite dar información e dispón de servizos auxiliares como cafetería ou lavabos. **Countryside Commission, 1978.***

*Os centros de visitantes están orientados a servir de atracción ao público, de xeito que se lle poida brindar información, orientación e interpretación. **Graham Berrow, 1988.***

*Denomínase centro de visitantes a un espazo cuberto que cumplimenta unha multifuncionalidade educativo-informativa nas zonas de especial interese, ou en todo o parque natural. Soe situarse nun lugar estratéxico da área obxecto de atención, ben sexa na entrada ou noutros lugares, dependendo da funcionalidade pedagóxico-educativa que se lle queira dar. **Antoni Colome e Jaume Sureda, 1989.***

*Os centros de visitantes constitúen equipamentos vinculados á xestión do uso público dos espazos naturais protexidos ou lugares con valor patrimonial, especialmente deseñados para recibir aos visitantes, proporcionarlles información e interpretar os valores máis relevantes do lugar. Pretenden facilitar un primeiro contacto coa área e estimular ao visitante a percorrela e coñecela. **Módulos Didácticos, Interpretación ambiental y del patrimonio: comunicar, participar, disfrutar. Curso de Postgrado. Universidad de las Islas Baleares (UIB) y Universitat Oberta de Catalunya (UOC). 2004-2005.***



Centro de visitantes do Parque Natural  
Dunas de Corrubedo. A Coruña.

Fonte: Ambientarte S.L.

## 2. FUNCIONS DOS CENTROS DE VISITANTES

Segundo a última definición adoptada, un centro de visitantes pode estar constituído por un simple quiosco ou ser un edificio con auditorio, sala de exposicións, etc., xa que o que o define realmente son as súas funcións e non os medios cos que conta. Estas funcións teñen que ver tanto con satisfacer as necesidades do visitante coma con alcanzar determinados obxectivos de xestión.

Os centros de visitantes resultan ser o primeiro lugar ao que accede o público na súa visita ao lugar con interese patrimonial, e neste senso xogan un importante papel psicolóxico no proceso de adaptación do visitante ao lugar novo, descoñecido e alonxados dos patróns urbanos que lle son familiares. Estes equipamentos aportan seguridade e permiten satisfacer moitas das necesidades do público, o cal redonda en que a experiencia sexa máis gratificante e que incremente o seu aprecio polo lugar.



Centro de visitantes na  
Illa de San Simón.  
Redondela.

Fonte: Ambientarte S.L.

Por outra banda, os centros poden ser importantes ferramentas de xestión, ao concentrar neles gran parte das funcións do uso público das áreas protexidas. Estas instalacións garanten que se estableza o contacto entre o público e o órgano de xestión da área, sendo en moitas ocasións o único contacto que se

chega a establecer. Esta circunstancia debería ser aproveitada para entregar unha primeira información, orientar as visitas cara a determinados lugares, dar a coñecer as normas e regramentacións, recomendar medidas de seguridade, ou facilitar e promover a participación do visitante na conservación do espazo protexido.

Para conseguir os obxectivos de xestión e dar satisfacción ás necesidades do público, os centros deben realizar as seguintes funcións: **recibir, informar e interpretar**. O problema é que, na maioría dos casos, téndese a sobredimensionar a función da interpretación (entendida a maior parte das veces como a entrega de información científica e técnica) esquecéndose as restantes, co que o centro pasa a converterse en algo parecido a un museo e perde deste xeito boa parte do seu significado como ferramenta de uso público.

Para atender axeitadamente aos visitantes, os centros deben dispoñer de horarios amplos (distintos aos de oficina), así coma de persoal preparado e suficiente, e preferentemente con coñecemento de idiomas (tamén Lingua de Signos Española (LSE)) e formación no trato con persoas con diversidade funcional.

### 3. OBXECTIVOS DOS CENTROS DE VISITANTES

Para comprender de maneira máis sinxela os obxectivos dos centros de visitantes, dividímolos en tres grupos:

#### 1. Obxectivos de apoio á xestión

- Apoiar as estratexias de xestión, concentrando e canalizando adecuadamente os fluxos de visitantes, así como regulando e distribuíndo o seu tempo de permanencia no lugar.
- Facilitar e rentabilizar o esforzo e comunicación co visitante.

- Mellorar a imaxe da institución encargada da xestión da área.
- Permitir a consecución doutros obxectivos de xestión, contando cun público ben informado e concienciado.
- Acadar o apoio do público cara ás medidas de xestión.

## 2. Obxectivos relacionados có visitante

- Interceptar ao visitante mediante unha boa ubicación, promoción e sinalización.
- Facilitar o primeiro contacto entre o visitante e a área.
- Motivar ao visitante a percorrer e explorar o espazo, así como a coñecer máis sobre o mesmo.
- Revelar o significado daqueles aspectos máis sobresaíntes do lugar.
- Ofrecer información e orientación con relación á visita.
- Orientar cara o coñecemento e cumprimento das normas de comportamento.
- Proporcionar recomendacións para a seguridade dos usuarios.
- Obter información do visitante (demandas, intereses, intencións, necesidades, etc.)
- Promover novas visitas e contactos posteriores.

## 3. Obxectivos relacionados coa poboación local

- Axudar ás comunidades locais a interpretar e presentar o seu patrimonio.

- Difundir a cultura local.
- Contribuír a desenvolver na poboación local aprecio e agarimo pola súa propia contorna, realzando o valor do seu patrimonio e reforzando o orgullo de vivir nese lugar.
- Contribuír ao desenvolvemento socioeconómico dos habitantes da área.
- Facer que a poboación local se identifique con contidos do centro e que os valore como algo propio.



Centro de visitantes adicado á trashumancia. Parque Natural Sierra de Cebollera. La Rioja.

Fonte: Ambientarte S.L.

### Bibliografía:

DE ARMAS, A. et al. *Interpretación ambiental y del patrimonio: comunicar, participar, disfrutar*. Módulos Didácticos, Curso de Postgrado. Universidad de las Islas Baleares (UIB) y Universitat Oberta de Catalunya (UOC). 2004-2005.